

# ABESEMOM ESPADA PARDO

**ESTUDANTE DE ANTROPOLOXÍA E  
VOLUNTARIO NA ONG VIRAVENTOS**

*“Fomos levados a un orfanato no noso pobo natal e logo trasladados a outro na capital, Adís Abeba, onde permanecemos seis meses antes de recibir a noticia de que seríamos adoptados”.*

*“Ser racializado é algo que non sempre se percibe conscientemente até que alguén cho fai notar cun trato diferente ou algún comentario sobre a cor da pel.”*



Concello da Coruña

O meu nome é Abeselom Espada Pardo, son orixinario de Etiopía. Levo vivindo en España uns 18 anos. Teño 25 anos e nacín no ano 1998, ao norte de Etiopía, nun pobo chamado Kombolcha. Aos 7 anos miña nai tomou a decisión de dar-me en adopción xunto cos meus dous irmáns. Esta difícil decisión xurdiu consecuencia dunha enfermidade que contraeu, e que a levou a crer que non sobreviviría. Explicounos a situación a meu irmán, quen ten a mesma idade ca min porque somos xemelgos e a min, a nosa irmá era demasiado pequena para comprender o que acontecía.

Inicialmente, fomos levados a un orfanato no noso pobo natal e logo trasladados a outro na capital, Adís Abeba, onde permanecemos ao redor de seis meses antes de recibir a noticia de que seríamos adoptados. Durante este período, mantíñannos informados sobre o avance da nosa situación e os desafíos para atopar unha familia disposta a acollernos. Descubrimos que a adopción tórnase complicada cando se trata de varios irmáns e, máis complicada aínda, se se ten unha idade maior.

Finalmente, logo de seis meses, unha parella de orixe galega estaba disposta a adoptarnos aos tres. Tras a noticia enviáronnos postais, fotos e agasallos, explicándonos a súa vida en España e amosándonos como sería a nosa nova vida unha vez nos trasladásemos.

En poucos meses, viaxaron a Etiopía xunto con outras familias españolas que tamén ían adoptar nenos. Estivemos uns quince días coa nosa familia adoptiva

coñecendo Etiopía e viaxando antes de vir á Coruña. Ao chegar a España, tanto meu irmán coma min decidimos aprender o idioma canto antes, o que facilitou enormemente a nosa adaptación. Chegamos A Coruña nalgún momento de novembro de 2005.

Incorporámonos á escola unhas semanas despois; debido á formación académica previa en Etiopía, desenvolvémonos moi ben. Recibimos clases particulares de español e fomos acollidos de maneira excepcional polos nosos compañeiros de clase. A adaptación ao colexio foi sorprendentemente boa e rápida, en parte grazas ao ambiente acolledor e familiar dunha escola pequena, onde só había unha clase por curso.

Despois de finalizar o Bacharelato e realizar a selectividade, enfrontei a difícil decisión de elixir unha carreira. Tiña intención de estudar Psicoloxía, pero o cambio desta carreira a ciencias nese preciso ano deixoume sen a posibilidade de acceder debido á miña formación en humanidades. Tras consultar con varios profesores e familiares, recomendáronme considerar outras opcións académicas, entre elas, Antropoloxía Social e Cultural, similar a Psicoloxía pero centrada no estudo do comportamento social. Tras investigar distintas posibles universidades, a cidade que escollín foi San Sebastián, onde tiña familiares e xa coñecía a cidade. Durante o meu tempo na Universidade do País Vasco, impartíronme algunhas charlas e cursos sobre organizacións non gobernamentais, o que me levou a

interesarme no voluntariado e na forma de traballar que teñen ditas entidades. No verán de 2018, xunto co meu irmán, regresei a Etiopía e puxémonos en contacto cunha ONG local, onde impartín clases de inglés a nenos de 9 a 12 anos durante unha quincena. Foi unha experiencia enriquecedora que me ensinou moito sobre o voluntariado en países do sur global.

Este tipo de voluntariado débese realizar tendo en conta a ONG á que se asiste e ver se estas entidades fomentan o traballo a persoas locais. Refírome que se debe ir aos países do Sur Global (África, Asia, e algún país de Latino América) coa mentalidade e conciencia de mellorar a situación dos locais e ofrecer novos postos de traballo aos residentes. É necesario saber de antemán que vas axudar a combater e mitigar as necesidades reais da poboación local e non simplemente a satisfacer o teu ego persoal.

Hai que ter coidado de non ir coa idea do concepto de salvador branco, porque pódese empeorar a situación da poboación ao quitar postos de traballo, ou chegar a afectar o desenvolvemento psicolóxico dos máis pequenos ao non ser unha persoa que vaia quedar por moito tempo creando un vínculo que acabará por desaparecer.

Outra experiencia como voluntario foi formar parte do proxecto Erasmus CES (Corpo Europeo de Solidariedade), no que elixín ir a Romanía durante un ano en 2021/2022. Esta experiencia sería para min a de máis impacto a nivel

profesional e persoal, permitíume coñecer persoas de toda Europa e desenvolverme nunha contorna internacional, aprendendo a considerar diferentes contextos e realizando os traballos de voluntariado.

Tras regresar a España desde Romanía decidín ser voluntario nunha ONG (Viraventos) como profesor de español para persoas inmigrantes.

A miña historia de vida foi en gran parte positiva, aínda que experimentei momentos nos que sentín o peso do racismo. Aínda que non sufrín directamente discriminación ou agresións racistas evidentes, fun testemuña de micro-agresións e actitudes con prexuízo. Por exemplo, ao buscar alugueiro en San Sebastián, algunhas persoas preguntaban se era latino ou de cor, unha información irrelevante para o proceso.

Ser racializado é algo que non sempre se percibe conscientemente até que alguén cho fai notar cun trato diferente ou algún comentario sobre a cor da pel. O meu desexo é que as persoas sexan máis conscientes disto para evitar actitudes e situacións racistas, especialmente considerando o aumento da inmigración procedente de África, o que nos levará a relacionarnos no futuro con máis persoas de diversas culturas.